



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL A LARACHA

Bases orientador/a prospector/a laboral programa integrado de emprego Concello da Laracha 2021/22

ASUNTO: ESTIMACIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN BASES PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE ORIENTADOR/A-PROSPECTOR/A LABORAL PARA O PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO CONCELLO DA LARACHA 2021/22, E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO

ANTECEDENTES:

Por resolución de Alcaldía nº 778 de 13 de xullo de 2022 aprobáronse as bases de selección para a provisión, en réxime laboral temporal, dunha praza de orientador/a prospector/a laboral para a execución do proxecto PIE e a súa convocatoria.

O día 20 de xullo do 2022 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP NÚMERO 137) a convocatoria do proceso selectivo para a provisión dunha praza de orientador/a-prospector/a laboral para o programa integrado de emprego concello da Laracha 2021/22, e formación dunha bolsa de emprego, concedéndose un prazo de presentación de solicitudes de participación de 5 días hábiles contados a partir do seguinte.

O día 26 de xullo do 2022 recíbese no rexistro telemático deste concello recurso de reposición interposto polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, no que se pide que se modifique a letra f) da base segunda de tal forma que se inclúa o título de Educación Social por ser unha titulación adecuada para o desenvolvemento das funcións establecidas na base primeira da propia convocatoria.

O Artigo 55.2 letra d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico de empregado público establece que “as Administracións Públicas, entidades e organismos aos que se refire o artigo 2 do presente estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como:

e) adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver”.

A lexislación senta que no acceso ao emprego público non só se deben respectar os principios de igualdade, mérito e capacidade (art. 55.1 do EBEP) senón que as Administracións Públicas deben proveer os postos ofertados por profesionais cuxas competencias se adecúen ás funcións ou tarefas a desenvolver.

Por todo o exposto, no uso das atribucións que me otorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición interposto en tempo e forma polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia e modificar a base segunda (requisitos dos aspirantes), apartado f, de xeito que **onde di:**

f) Titulación académica: Estar en posesión do título de Ddo., Ldo., ou Grao nalgunha das seguintes: Graduado Social, Ciencias do Traballo, Dereito, Económicas Empresariais, ADE, Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Socioloxía.

Debe dicir:

f) Titulación académica: Estar en posesión do título de Ddo., Ldo., ou Grao nalgunha das seguintes: Graduado Social, Ciencias do Traballo, Dereito, Económicas Empresariais, ADE, Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Socioloxía **e Educación Social.**

SEGUNDO.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello.

TERCEIRO.- Notifica esta Resolución ao Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.

CUARTO.- Ampliar o prazo de presentación de solicitudes en 5 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia.

A Laracha 1 de agosto de 2022

O Alcade Jose Manuel Lopez Varela

2022/4732